



Xuntanza con delegados/as




O 6 de novembro tiveron lugar as xuntanzas con delegados e delegadas dos diferentes grupos e cursos dos graos de Economía e de ADE. Aproveitamos para falar sobre a marcha do curso e as súas funcións como representantes do estudiantado. Participaron na reunión os coordinadores e coordinadoras de curso e do grao, así como membros do equipo decanal. A reunión foi distendida e achegouse información valiosa para mellorar o funcionamento dos graos.

Aula Profesional ECOADE

III Cineforum: Economía, empresa e sociedade

Durante o mes de novembro proxectáronse as dúas primeiras películas do terceira edición do Cineforum da Facultade. Así, o 5 de novembro, o estudiantado puido ver Athena, unha obra que explora o conflito, a loita e a solidariedade nun entorno urbano marcado pola tensión social e a busca de xustiza, e o 26 de novembro proxectouse o filme titulado “La Pesadilla de Darwin”, unha impactante reflexión sobre as relacións económicas globais, o medio ambiente e os efectos do capitalismo.





Aula Profesional ECOADE Curso de Excel e Power Bi

Entre os meses de outubro e novembro celebrouse o curso de Excel, no marco da Aula Profesional Ecoade, no que participou estudiantado dos últimos cursos dos graos e do Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira.

Unha vez finalizado este curso, deu comezo o curso sobre Power Bi que se desenvolveu entre novembro e decembro. Ambos cursos foron impartidos polo profesor Alfonso Rodríguez Sandías, do departamento de Economía Financeira e Contabilidade.

Aula profesional ECOADE 24/25
Power Business Intelligence (1 ECTS)
Prof. Alfonso Rodríguez Sandías
Data de comezo: luns 11 de novembro
Horario: luns de 11:30 a 14:00 e martes de 9:30 a 12:00 (20h de clase + 5h traballo autónomo)
Lugar: Aula 9
Dirixido a: alumnado da Facultade (preferentemente 4º ou máster)
Custo: 25€
Preinscrición:
Grao: Secretaria virtual ata o 28/10
Máster: ecoade.aulaprofesional@usc.es ata o 28/10
Máis información a través do teu correo @rai.usc.es ecoade.aulaprofesional@usc.es



Aula profesional ECOADE 24/25
Fundamentos de folia de cálculo para Economía e Empresa (Excel & Datos) (1 ECTS)
Prof. Alfonso Rodríguez Sandías
Data de comezo: martes 8 de outubro
Horario: martes e xoves de 9:30 a 12:00 (ata o 31 de outubro) (20h de clase + 5h traballo autónomo)
Lugar: Aula 9
Dirixido a: alumnado da Facultade (preferentemente 4º ou máster)
Custo: 25€
Preinscrición:
Grao: Secretaria virtual ata o 30/9
Máster: ecoade.aulaprofesional@usc.es ata o 6/10
Máis información a través do teu correo @rai.usc.es ecoade.aulaprofesional@usc.es

Aula Profesional ECOADE Xogo de simulación empresarial Bugamap

O 2 de decembro catro equipos de estudiantado de cuarto curso dos graos participaron no Xogo de Simulación Empresarial BUGAMAP organizado por Fundación MAPFRE no que tiveron que tomar decisións tendo en conta variables macro, competidores e obxectivos de mellora en diferentes ratios fundamentais. A actividade foi dirixida por Julio Manuel Arias De La Calle, xefe de formación de Mapfre.





Aula profesional Ecoade Aprendendo das empresas e institucións

O 6 de novembro, tivo lugar a conferencia impartida por Daniel Fraga Romero, socio responsable de KPMG en Galicia e Camila Zárate Raggio, xerente de auditoría KPMG en Galicia e exalumna da Facultade, que faloron sobre o traballo de auditoría e o resultado do mesmo, o informe de auditoría.



O 13 de novembro tivemos na Facultade a Miguel Corgos López-Prado, que nos falou do Escenario Económico Financeiro para os orzamentos do 2025 da Xunta de Galicia, dos que é responsable como Conselleiro de Facenda e Administración Pública. O orzamento da Xunta, de cerca dos 14.000 millóns de euros, que está afectado por factores como a situación macro ou polos límites de gasto que se derivan da regras fiscais e que explicou de xeito detallado. O estudantado tamén puido coñecer a procedencia dos ingresos e a que se dedica este orzamento. O acto tamén contou coa presenza dos profesores Santiago Lago Peñas e María Cadaval Sampedro que participaron na organización da conferencia.





Aula profesional Ecoade Aprendendo das empresas e institucións

O 20 de novembro tivo lugar a quinta conferencia do ciclo Aprendendo das Empresas e Institucións coa charla de Daniel Hermosilla Hermida, CEO en Rodiñas, empresa especializada en elementos prefabricados de formigón, que contou como o desenvolvemento da súa vida, os referentes que tivo e as aprendizaxes de conceptos coñecidos polo noso estudiantado, como as estratexias de Porter, influiron na definición da empresa que hoxe dirixe. Tamén fixo un relato en positivo da industria galega da que destacou diferentes logros que cambiaron e están a cambiar as dinámicas industriais a nivel mundial e a capacidade de tracción de certas empresas que fan posible que os logros acadados nelas se trasladen e permitan o desenvolvemento doutros sectores. O profesor Adrián Dios Vicente participou na organización do acto.



O 28 de novembro celebrouse a derradeira charla do cuadrimestre do ciclo Aprendendo das Empresas e Institucións a cargo de Rebeca Rubal Ramirez, Directora de Estratexia e Control de Xestión de Adolfo Domínguez e antiga alumna da Facultade, que nos ofreceu unha estupenda charla práctica de estratexia e control de xestión na que destacou a importancia dos datos, da análise dos mesmos, dos KPIs e os cadros de mando como folla de ruta para as empresas e tamén a enorme relevancia das persoas no funcionamento das estratexias.





Plan de Acción Titorial Sesión de orientación sobre mobilidade

O 17 de decembro, no marco do Plan de Acción Titorial, celebrouse a charla informativa sobre ERASMUS e o procedemento para poder acceder a este programa de mobilidade: dende o proceso de inscrición até a selección de destinos e a sinatura do Online Learning Agreement, o documento no que se indican as materias a cursar na Universidade de destino e as convalidacións na nosa Universidade.







Mocidade ao mando

O 18 de decembro celebramos a entrega de premios do I Concurso Mocidade ao Mando: Explorando a Economía e a Empresa, unha iniciativa dirixida ao estudiantado de ensino medio. Durante o concurso, as rapazas e rapaces demostraron o seu talento creando vídeos innovadores e creativos en galego sobre temas económicos e empresariais. As iniciativas premiadas serán difundidas a través das redes sociais da Facultade.



Séguenos nas nosas redes sociais





Xuntanza co Comité Consultivo

O 13 de decembro celebrouse a xuntanza co Comité Consultivo de Expertos da Facultade. Nesta ocasión, o equipo decanal informou dos novos plans de estudos dos graos en ADE e Economía e das liñas estratéxicas, obxectivos e accións recollidas no borrador do Plan Estratéxico para o período 24-26 do Centro.



Recoñecementos ao PDI

Diego Sande, profesor do departamento de Economía Aplicada recibiu o Premio Manuel Colmeiro ao docente e investigador, polo seu traballo "As políticas rexionais de innovación empresarial en Galiza. Análise de resultados no tecido produtivo a través do fondo tecnolóxico".



Trátase dun galardón creado no 1992 pola Xunta de Galicia para distinguir traballos de investigación que teñen como obxecto a Administración Pública de Galicia.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos López-Prado, e a directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), Sonia Rodríguez-Campos, entregaron fixeron entrega do premio o 17 dedecembro. Ao acto tamén asistiu o presidente do xurado, Jaime Rodríguez-Arana.

No acto destacouse a importancia deste premio pola súa contribución á promoción e ao impulso dos estudos mutidisciplinares sobre a Administración pública galega.



Recoñecementos ao PDI



Maria Loureiro, catedrática de Fundamentos de Análise Económica, foi galardoada co Premio María Josefa Wonenburger Planells polo seu destacado labor na investigación científica. A entrega tivo lugar o 19 de decembro nun acto presidido pola conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García. O premio, creado en honra á pioneira investigadora e matemática galega, busca recoñecer a mulleres con traxectorias destacadas en ciencias e tecnoloxía e convertelas en referentes para futuras xeracións.

A profesora Loureiro García é unha das investigadoras máis recoñecidas a nivel internacional neste campo, ademais de ser a primeira muller académica numeraria da Sección de Ciencias Económicas e Sociais na Real Academia Galega de Ciencias, é responsable do grupo de investigación ECO-IURIS e é a directora científica de Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS.

Promocións do PDI

Nos meses de novembro e decembro celebrouse o concurso dun conxunto de prazas de promoción de PDI:

- Os profesores David Rodeiro Pazos e María Milagros Vivel Búa, do departamento de Economía Financeira e Contabilidade, o profesor Melchor Fernández Fernández, do departamento de Fundamentos de Análise Económica, promocionaron á categoría de Catedráticos/as de Universidade.
- O profesor Francisco Xavier Lores Insua, do departamento de Fundamentos de Análise Económica, e o profesor Pedro Varela Vázquez, do departamento de Economía Aplicada, promocionaron á categoría de Profesor Titular de Universidade.
- A profesora Zaira Camoiras Rodríguez, do departamento de Organización de Empresas e Comercialización, promocionou á categoría de Profesora Permanente Laboral.

Publicacións do PDI

Nos meses de novembro e decembro publicouse o seguinte informe no que participou PDI do centro:

- Título: Informe GEM Galicia 2023-2024. Autor/a: Loreto Fernández Fernández (coordinación), Emilio Ruzo Sanmartín, Lucía Rey Ares, Isabel Neira Gómez, Yago Atrio Lema (USC); Alberto Vaquero García (UVI), Nuria Calvo Babío y Ariadna Monje Amor (UDC) y Guillermo Andrés Zapata Huamaní (U. del Pacífico, Perú).

ECONTADE


Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Memoria de Calidade 2022/2023

A Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de Goberno que tivo lugar o 29 de novembro, aprobou a Memoria de Calidade do curso 22-23 da Facultade. O documento definitivo pode consultarse na páxina web do centro.


A Memoria de Calidade recolle a análise do grao de cumprimento do plan estratéxico do centro, os resultados dos distintos procesos considerados no SGC, o grao de cumprimento do plan de melloras do curso anterior e as accións de melloras previstas para o curso seguinte.



Revista Galega de Economía

Este ano foi especialmente significativo para a Revista Galega de Economía (RGE), con numerosos logros e eventos destacados. En 2024, publicáronse tres números da revista. Entre eles, sobresaí o Número Especial titulado "Economía circular, sustentabilidade e decrecemento". Este número especial inclúe 8 artigos que abordan temas cruciais como a normativa europea de economía circular, o dereito para reparar, os principais obstáculos empresariais e de xestión de residuos, así como análises macroeconómicas sobre o comercio europeo de materias primas secundarias e a evolución do mix de materiais nos países da UE en relación co proceso de desmaterialización.

Grazas á calidade dos traballos publicados nos últimos números, a Revista Galega de Economía obtivo por primeira vez o Journal Impact Factor (JIF) de Clarivate na categoría "Economics". Ademais, renovamos o Selo á Calidade Editorial FECYT, un recoñecemento á calidade das publicacións.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Outros acontecementos Metodoloxías carroñeras

O 6 de novembro celebrouse no centro a representación da obra "Metodoloxías Carroñeras".

Concibida como unha conferencia-Freak en formato desbordado arredor da lectura escénica dos corpos sexados. Un moi interesante proxecto do colectivo VACAburra a partir dunha idea de Gena Baamonde acompañada por Andrea Quintana.



Un xeito didáctico e divertido de achegarnos a estudos filóficos actuais. Esta actividade foi organizada grazas ao colectivo de PTXAS (persoal técnico de xestión e administración de servizos) da unidade de xestión que presentou a iniciativa á convocatoria de axudas para a organización de actividades culturais, contribuíndo á dinamización da vida cultural dentro da Facultade.

Iniciativas de Nadal

A costume de liberar libros é frecuente no noso centro e mais nestas datas en que nos aproximamos ás festas de Nadal e fin de ano. Así, cada día de decembro ofreceuse cando menos un libro gratis escollido especialmente para servir como regalo de nadal.



Como todos os anos, o centro colabora coa campaña de recollida de alimentos e produtos de hixiene "Operación Quilo". Para este fin, estableceuse un posto na entrada para depositar as doazóns de produtos nas caixas identificadas con esta campaña. As nosas compañeiras da Unidade de Xestión do Centro e Departamentos foron as primeiras en achegarse para colaborar.

Por último, tamén se venderon rifas para a tradicional Cesta de Nadal. Este ano o diñeiro recadado irá destinado a ANXIÑOS (asociación para a atención a nenos e nenas e adolescentes con trastornos mentais).





Teses defendidas

Durante os meses de novembro e decembro defendeuse a seguinte tese de doutoramento na nosa Facultade:

- Ensaio sobre a elasticidade da substitución entre capital e traballo e o cambio tecnolóxico sesgado.

Autor: Francisco Pedro Oliveira Monteiro Rebelo. Dirección: Fernando del Río Iglesias.

Acordos relevantes das Comisións da Facultade

Comisión académica conxunta do grao en ADE e do grao en Economía:

- **20 de novembro de 2024:** Información sobre os informes de coordinacións dos cursos dos graos. Aprobación do límite de prazas e aprobación do informe sobre a execución das accións de mellora do centro.

Xunta de Facultade:

- **27 de novembro de 2024:** Información sobre as obras de instalación de antenas nas cubertas da facultade e aprobación dun escrito para solicitar a retirada de todos os elementos que se incorporaron no presente curso académico. Aprobación da oferta de prazas para o curso 25/26 das titulacións de grao e mestrado. Aprobación da memoria de calidade do curso 22/23. Aprobación do Regulamento de Traballo de Fin de Máster en Dirección de Empresas. Apróbase a modificación da composición das comisións académicas do Máster Universitario en Desenvolvemento Económico e Innovación, do Máster Universitario en Dirección e Xestión Contable e Financeira e do Máster Universitario en Dirección de Empresas. Proposta de composición da Comisión Académica do Máster Interuniversitario en Economía Circular e dos/as representantes da USC na Comisión Interuniversitaria do Máster.
- **19 de decembro de 2024:** Aprobación das solicitudes de informes para o recoñecemento do complemento por méritos docentes (quinquenios). Aprobación dos cambios na composición das Comisións da Facultade (sector estudiantado). Aprobación da proposta de nomeamento do representante do Departamento de Ciencia Política e Socioloxía na Comisión Permanente. Aprobación da convocatoria de dispensa de asistencia a clase.

Comité Consultivo de Expertos:

- **13 de decembro de 2024:** Información sobre os novos plans de estudos dos Graos en Economía e ADE. Información sobre as liñas estratéxicas, obxectivos e accións recollidos no borrador do Plan Estratéxico do centro para o período 24-26.